

A grafía do fonema prepalatal fricativo xordo en topónimos e apelidos galegos

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo

Recibido o 07/05/2012. Aceptado o 21/06/2012

The spelling of the voiceless prepalatal fricative phoneme in Galician place names and surnames

Resumo

O artigo trata do uso dos grafemas <g> e <j> para o fonema prepalatal fricativo xordo /ʃ/ en topónimos e apelidos galegos. Sostén que ese uso nos séculos XIX e XX non é, como ás veces se cre, continuación da tradición medieval, por máis que nalgúns casos coincida con ela, senón o resultado da acomodación ás normas establecidas pola reforma ortográfica do castelán en 1815. Para demostralo compara as formas escritas dos nomes de parroquias nunha fonte previa a esas reformas, o Catastro del Marqués de la Ensenada (1752-1754), e unha posterior, o Diccionario de Pascual Madoz (1845-1850).

Palabras chave

Ortografía, grafemática, toponimia, apelidos

Sumario

1. As grafías chamadas históricas ou etimolóxicas. 2. A desonorización de /ʃ/ no galego medieval. 3. Grafías do fonema prepalatal fricativo en voces galegas na documentación en castelán dos séculos XVI e XVII. 4. A norma do castelán e os topónimos galegos no Catastro de Ensenada e en Madoz. 5. Os apelidos Feixó~Feixoo e Raxoi.

Abstract

This paper discusses the use of the graphemes <g> and <j> to represent the prepalatal voiceless fricative phoneme /ʃ/ in Galician place names and surnames. It argues that this nineteenth and twentieth century usage is not, as often assumed, a continuation of medieval spellings, even though in many cases the spellings match, but rather the result of adjustment to the norms of a 1815 spelling reform in Castilian. To demonstrate this, the written forms of names of Galician parishes in a source prior to the reform, the Catastro del Marqués de la Ensenada (1752-1754), and a later source, the Diccionario de Pascual Madoz (1845-1850), will be compared.

Keywords

Spelling, graphematics, toponymy, surnames

Contents

1. So-called historical or etymological spellings. 2. Devoicing of /ʃ/ in medieval Galician. 3. The spelling of the prepalatal fricative phoneme in Galician words in sixteenth and seventeenth century Castilian documents. 4. Castilian spelling rules and Galician place names in the Catastro de Ensenada and in Madoz. 5. The surnames Feixó~Feixoo and Raxoi.

1. AS GRAFÍAS CHAMADAS HISTÓRICAS OU ETIMOLÓXICAS

Nos escritos acerca das grafías dos topónimos e os apelidos no galego moderno está moi difundida a idea de que a representación do fonema prepalatal fricativo xordo /ʃ/ mediante os grafemas <j>, <g> en topónimos ou apelidos como *Gestoso*, *Ginzo*, *Lage* e *Laje*, *Rianjo*, *Sangenjo* ou *Tojeiro* obedece a unha práctica tradicional secular, continuadora da escrita medieval, e non, como podería pensar un profano, unha deturpación castellanizadora. Segundo esta opinión, a castellanización consistiría en ler *a la castellana* eses <g> ou <j>, cando en realidade serían xenuínas grafías galegas, herdadas dun estado de lingua que posuía un par opositivo /ʃ/ vs /ʒ/, onde o fonema xordo se representaba comunmente por <x> e o sonoro por <g> (ante e, i) e <j> (ante calquera vogal), como acontece aínda no portugués actual. Partindo dese suposto, a grafía de topónimos ou apelidos coma os mencionados, que corresponden a formas medievais onde o fonema en cuestión era sonoro, recibe a consideración de “grafía histórica”, libre de sospeita de interferencia castellanizante.

Como moitas das palabras que na lingua medieval tiñan /ʒ/ remontan a étimos latinos con <j> (ante calquera vogal) ou <g> (ante e ou i), esas chamadas grafías históricas xa non serían unicamente sobrevivencia da máis antiga tradición escrita romance, senón que en última instancia procederían das grafías latinas. Nun artigo clásico sobre a grafía dos topónimos galegos, Moralejo Lasso (1976: 299), ao referirse aos <g> e <j> de formas onímicas coma as dos exemplos do parágrafo anterior, di que nesas letras «sobreviven aún las más sencillas y frecuentes en sus orígenes, a saber g o j conforme a la etimología latina». Deste xeito, as chamadas “grafías históricas” son consideradas así mesmo “grafías etimolóxicas”, sempre coa necesaria matización, pois o /ʒ/ medieval podía ter outras orixes. Son estas premisas as que levan a falar, no relativo ás grafías <g> e <j>, da «supuesta tendencia oficial castellanizante» (1976: 273): simplemente *suposta* pois só cabería atribuír á presión do castelán os <g> e <j> de topónimos ou apelidos en que o fonema medieval era xordo, como *Seijas* por *Seixas* ou *Teijeiro* por *Teixeiro* (que remontan a étimos derivados de *SAXU* e *TAXU*, respectivamente). No resto dos casos, cando o <g> ou <j> corresponden ao fonema medieval sonoro, estaríamos ante grafías “históricas” e “etimolóxicas”.

Estas consideracións foron profusamente empregadas como argumento, no contexto das polémicas a cerca da estandarización do galego nas últimas décadas do século xx, polos partidarios dunha grafía reintegracionista, defensora da representación do fonema /ʃ/ mediante <g>, <j> ou <x>, segundo os casos e atendendo ao criterio etimolóxico. O propio Moralejo Lasso admitía a lexitimidade desas grafías e mesmo lles recoñecía certas vantaxes, por máis que se pronunciase a favor da solución monografemática en <x>, sobre todo por razóns prácticas, non sen lamentar que con ela se perdesen de vista as orixes e as tradicións ortográficas (1976: 300):

La grafía llamada ortografía etimológica, aunque no lo es más que parcialmente, no deja de ofrecer ciertas ventajas de carácter lingüístico, histórico, etc. [...]. En portugués perdura la pronunciación sonora de *g* y *j*, frente a la sorda de la *x* con la cual se confunde a su vez la de la *ch* desde el siglo XVIII; en castellano se ensordecizó lo mismo que en gallego y el fonema palatal fricativo sordo pasó desde el siglo XVII a gutural fricativo sordo representado por *j/g* [...] no sin algún recuerdo de la antigua *x* como en la grafía México por Méjico [...]. Mas así como con toda su tradición gramatical y literaria no faltan en castellano casos ambiguos o dudosos entre las grafías *g* o *j* [...], así en gallego va generalizándose la *x* como conviene a un sonido único o uniforme, aunque en bastantes casos se pierden de vista orígenes y tradiciones ortográficas.

Nunha publicación máis recente, Moralejo Álvarez (2008: 205) retoma as ideas expresadas polo seu pai décadas atrás:

Hay otros supuestos de la castellanización que tienen su particularidad: por ejemplo, casos tópicos como *Sangenjo* –es decir, todas las grafías con *g* y *j* frente a la *x* hoy normativa: *Ginzo, Deijebe, Fojo...*– no representan otra cosa que formas patrimoniales gallegas –puras y auténticas, digamos, pero ‘corrupciones’ de *Ginesius, Dessiobris, Foveum*–, son formas con grafías tradicionales o históricas (y en muchos casos, no siempre, etimológicas) *g, j* que la lengua gallega compartió con todas las demás peninsulares (cf. en portugués *Aljubarrota, Gerês...*), pero que la escolarización exclusiva en lengua castellana arrastró a valores fonológicos castellanos modernos, es decir, a una fricativa gutural sorda de la que se quiso escapar con la grafía *x* que tenemos en *Sanxenxo, Xinzo, Deixebre, Foxo...* y en léxico común *queixo, buxo, coxa...*; una grafía que ahora los lusistas rechazan por antietimológica y aislacionista.

Porto Dapena (2007: 110), ao tratar da grafía *Jubia*, reitera a opinión de que non hai deturpación nela, e que o realmente deturpador é lela co valor que ten o grafema <j> en castelán:

Por certo, a propósito desta forma gráfica con *J-*, convén ter en conta que non responde propiamente –contra o que se tendería a pensar– a ningunha castellanización de *Xubia* ou *Xuvia*. Polo contrario, habería que pensar máis ben que ésta fose en todo caso unha galeguización daquela, que é máis antiga, se ben circunscrita a textos en castelán, onde agora representa unha fricativa velar xorda, pero, antes do século XVII, correspondería a unha prepalatal idéntica á actual do galego. Nótese, ademais, que o *J-* é etimolóxico e, pola contra, o *X-* non o é. En definitiva, a castellanización de *Jubia* non está, en principio, na pura grafía, senón na pronunciación como velar dese *J-* inicial (...)

Esta opinión, tan estendida, asoma de cando en vez en medios de ampla difusión, o que contribúe a consolidala. Sirvan de exemplo dous textos do escritor Xavier Alcalá no xornal galego de maior difusión. No primeiro (Alcalá 2003), o autor respondía publicamente unha pregunta, non sabemos se real ou ficticia, do actual presidente da Xunta de Galicia, que daquela desempeñaba un alto cargo en Madrid:

[...] Sabe que ten un segundo apelido estigmaticamente galego e pregunta pola ortografía do mesmo: ¿Feijoo, Feijóo, Feijó ou Feixó?

Feijó, respóndelle un afeccionado aos resumos de cultura que son os nomes de familia. Feijó está escrito como sempre se escribiu, desde a Idade Media en que xurdiron eses nomes, tan peculiares coma o que fai referencia a un prezado froito da horta, que se cría tamén arredor das canas de millo. Feijó, con o aberto final, é o mesmo que feijón (ou *feijão* en versión portuguesa) e débese pronunciar como «feixó». Feijó, de *Phaseolus* en latín, non ten dereito a *x* escrito; non é un caso coma os de Seixo ou Teixo, que xa o levan no étimo. Non está castellanizado.

E en datas máis recentes, o mesmo autor (Alcalá 2011) insistía sobre a mesma cuestión da representación do /j/, agora a propósito doutro político con apelido inequivocamente galego:

[...] os tertulianos da Radio Voz discutiron o absurdo de falar do pazo de Raxoi e de Mariano Rajoy. Uns pronunciaban o apelido á galega, convertendo o iota histórico nun *xis*, e outros mantiñanse en Rakhoy, á castelá. Os partidarios de Rakhoy argumentaban que «así o pronuncia el». Os outros mantiñan que o faría por ignorancia ou desprezo á galeguidade do topónimo tomado como apelido.

Moitos anos atrás, cando se discutira a primeira lei de normalización lingüística, os filólogos advertiron da importancia de que o galego non se grafase de xeito «demótico» senón etimolóxico e histórico, que o achega á norma dunha lingua mundial como é o portugués irmán. Triunfou a liña rexionalista, dialectalista (ou como se lle queira chamar), fronte á científica. De aí que a xente vexa un apelido escrito

con iota ou con xe (Rajoy, Feijoo, Gens, Gesteira...) e o pronuncie á castelá. Iso independentemente dos apelidos que tiñan xis de orixe (Seixo, Teixido, Ameixeiras...) e foron deturpados.

Nas páxinas seguintes veremos exemplos que amosan que non existe tal continuidade das grafías medievais na representación da prepalatal fricativa xorda /ʃ/.

2. A DESONORIZACIÓN DE /ʃ/ NO GALEGO MEDIEVAL

No fonema prepalatal fricativo xordo /ʃ/ do galego moderno confluíron os dous elementos dun par fonolóxico definido pola oposición sonoridade ~ non sonoridade /ʃ/ vs /ʒ/. Na escrita medieval empregábase o grafema <x> para representar o fonema xordo (*baixo, caixa, coxa, peixe...*) e o sonoro representábase comunmente con <j> ante calquera vogal ou con <j> ou <g> ante vogal palatal (*ajudar, hoje, jantar, jeito, gente, vigiar...*). No galego produciuse unha desfonoloxización dese par, confluíndo no fonema xordo /ʃ/, mentres que no portugués se conservaron ata hoxe os seus dous fonemas, un xordo e outro sonoro.

Cada vez dispoñemos de máis indicios para supoñer que no galego a perda da oposición /ʃ/ vs /ʒ/ xa se producira, como vén afirmando Ramón Lorenzo desde hai décadas (Lorenzo 1985: 94; 1993, 1995a, 1995b), na propia época medieval, por máis que a escrita, sometida ás convencións dunha tradición culta, se esforzase en manter a diferenza. En textos elaborados en Galicia atópanse exemplos, escasos pero significativos, de grafías con <x> onde se esperarían o <g> ou o <j> correspondentes á sonora. Aos casos achegados polo propio Lorenzo e por Clarinda Maia (1986: 471-472), tamén recollidos en Ferreiro (1995: 182) e Monteagudo (2005: 408): *sexa* por *seja* en 1270, *axude* por *ajude* en 1302, *Thereixa* por *Tereija* en 1303, *oxe* por *hoje* en 1342, *toxal* en 1423... poderíamos engadir novos exemplos tomados do TMILG, algúns do século XIV (*Martin Dominguez de Laxina* 1309, *oxe* 1363, *Juan Rixidor* 1399...) e sobre todo xa do XV (*avanxeos, granxa, prebilexio, toxos...*), sen contarmos as formas toponímicas de etimoloxía escura cuxos rexistros romances ou ben presentan vacilación gráfica ou ben aparecen con grafías que entran en contradición coas atestacións latinas.

A partir do século XVI, en textos en castelán, a representación con <x> en topónimos galegos que orixinariamente tiñan sonora é fenómeno moi frecuente, como veremos.

3. GRAFÍAS DO FONEMA PREPALATAL FRICATIVO EN VOCES GALEGAS NA DOCUMENTACIÓN EN CASTELÁN DOS SÉCULOS XVI E XVII

Ramón Mariño (1998 e 2003) e Henrique Monteagudo (2005), no exame que fan da representación gráfica do /ʃ/ nos textos literarios do galego medio, o primeiro que advirten é a variabilidade e a ausencia de norma; só algúns autores (ou copistas) parecen aterse a criterios firmes, e mesmo así incorrendo en notables incoherencias. A mesma ausencia de norma podemos advertir na tradición gráfica dos topónimos e apelidos galegos en documentos xerados en Galicia desde o século XVI en castelán, lingua habitual da escrita. A pesar de que nalgúns casos certas opcións gráficas se impoñen sobre outras nun determinado topónimo, nun escribán, nunha fonte emisora..., en xeral as tradicións non chegan a consolidarse, de xeito que calquera topónimo ou apelido pode aparecer con variantes gráficas nun mesmo documento. Os grafemas <g>, <j> ou <x> son usados indiscriminadamente para representar o mesmo fonema sen axustarse a regra, fóra da que limita o uso de <g> ao caso de ir seguido de vogal palatal -e, -i.

A desfonoloxización da oposición /ʃ/ - /ʒ/ que se produciu no galego tamén operou no castelán, se ben nesta lingua o fonema resultante (o xordo /ʃ/, coma o galego) só sobreviviu ata o

século XVI. Nese século comezou a estenderse en castelán a realización velar /x/, que se consumou no XVII (Penny 2008: 123). Deste xeito, nun texto do XVI as grafías *gestoso*, *jestoso* e *xestoso* lense igual (/ʃestoso/) tanto en galego coma en castelán. A partir do XVII, as mesmas grafías impoñen unha lectura diversa nunha e noutra lingua: en castelán /x/ e en galego /ʃ/.

Aínda que algúns topónimos galegos presentan forma deturpada por adaptación ao castelán (especialmente reducindo os ditongos decrecentes galegos: *Junquera*, *Requexo*, *Otero*), son moi comúns os casos en que a toponimia se rexistra cunha grafía que admite dúas lecturas, galega e castelá. En ocasións o propio texto nos orienta; se lemos “donde dicen Pena do Fojo do Lobo”, parece que debemos ler /foʃo/, á galega, mentres que se vemos “parroquia de Sabaxanes” lemos con /x/ a forma castelanizada de *Sabaxáns*. Como con frecuencia os textos de foros, apeos, rendas e semellantes transcriben directamente o topónimo a partir da declaración oral dun informante, ás veces a lingua do topónimo esténdese ao contexto: “...un tallo de heredad q está na entrada da bouça...”

Velaquí algunhas mostras da confusión de <g>, <j> e <x> nos séculos XVI e XVII, tomadas de documentación galega do Arquivo Histórico Nacional de Madrid que pode consultarse en internet no *Portal Pares*¹:

— “En la feligresia de **Panxon** a tres dias del mes de julio del año de mil y seiscientos y treinta y un años...” (1511-1672, Oia AHN Clero L.10213, fol. 6v) / “Fray Antonio Moratillo Prior del coto de **Panxon**...” (1511-1672, Oia AHN Clero L. 10213, fol. 718r) / “Gregorio de **Panjon**” (1511-1672, Oia AHN Clero L.10213, fol. 719r) / “viña del fuero de San Juan de **Panxon**” (1511-1672, Oia AHN Clero L.10213, fol.726r) / “de la fra. de San Juan de **Panjon**” (1612-1709, Baiona AHN Clero L.19931 fol. una-r) / “sito en la fra. de **Panxon**” (1612-1709, Baiona AHN Clero L.19931, fol. 6r).

— “Rúa de la **Faija**” (1557, Baiona AHN Clero L. 9998, fol. 152r) / “en la Rúa de la **Faixa**” (1557, Baiona AHN Clero L. 9998, fol. 170v).

— “un tallo de heredad q está na entrada da bouça de Juan de **Fajo** que entesta con heredad de santa maria dOya” (1578, Tui AHN Clero L.10384, fol. 11v) / “Alonso Caldeiro e Juan do **Faxo**, todos vezinos de la felegresia de Sayanes” (1612-1709, Baiona AHN Clero L.19931, fol. 10r) .

— “ytem el Campo **da Barxa** sito en la dha fra.” (1511-1672, Oia AHN Clero L.10213 fol. 6v) / “bos aforamos la heredad q se dize **da cova da Barja** de Panjon” (1422-1575, Oia AHN L.10198, fol 15v).

— “entesta en el camino que va **para xermaña**” (1422-1575, Oia AHN L.10198, fol 15v) / “de alli al camyno que ba de **Germaña** para Panjon” (1578, Tui AHN L.20219, fol. 182r) / “el monte de **Jermaña** que llebará de sembradura tres buzios de pan” (1542-1647, Oia AHN L.10204, fol. 35v).

— “Campo de **Foxoo** en Parada” (1641-1691, Oia AHN L.19974, fol 216v) / “Parada, Campo de **Fojoo**” (1641-1691, Oia AHN L.19974, fol 19v, fol 252v).

— “heredad do Reguengo ques de Marcos de **Araujo**” (...) “Miguel de **Arauxo**” (1631-1632, Franqueira AHN Clero L.10036, fol. 20v) / “con heredad que fincó de Juan de **Arauxo** (1631-1632, Franqueira AHN Clero L.10036, fol. 22r).

— “**Sabaxans**” / “Ynformacion de los diezmos de **Savajanes**...” / “en la feleg^a de **savaxans**” (1631-1632, Franqueira AHN Clero 10036, fol. 167r, 427r).

¹ Danse as datas do volume, non o ano concreto de cada documento.

—“item una heredad en la Vega do Aral de **bayjo**” / “en la veyga do **aral de baixo**” (1631-1694, OIA AHN Clero, L.19970, fol 12r).

Así poderíamos seguir engadindo exemplos de confusión de grafías, do emprego de <x> en casos que orixinariamente correspondían ao fonema sonoro ou de <j> nos correspondentes ao xordo (*Seijas*, *Teijeiro*...). Ademais dos nomes propios, coma os mencionados no parágrafo precedente ou coma os *Texosa* (derivado de *toxos*) e *Xerónimo* que vemos a continuación, o fenómeno tamén afecta ao léxico común galego que ocasionalmente aparece nesta documentación en castelán, como a medida de superficie chamada *xeira* (< lat. *DIARIA*), e por veces tamén ao léxico castelán:

—“...dende alli al porto de la **Texosa**” (1557, Baiona AHN Clero L. 9998, fol. 466v).

—“**Xeronimo** de Montãos y Sotomayor vecino de la villa de Redondela” (1612-1709, Baiona AHN Clero L.19931 fol. tres-r, 23r); “don **Xeronimo** de Montaos” (id. fol. 24v); “los vienes que el dicho don Xeronimo traia” (id. fol. 26r).

—“con heredad que al presente traye fernan de Morgade quessera una **xeira** de heredad” (1631-1632, Franqueira AHN Clero L.10036, fol. 20v); “heredad del dho Juan da Ucha quessera media **xeira** poco mas o menos” (id. fol. 20v).

—“en cada un ano perpetuamente para sienpre **xamas**” (1612-1709, Baiona AHN Clero L.19931 fol. dos-r, fol. 7r); “para siempre **xamas**” (id., fol. 9-v).

4. A NORMA DO CASTELÁN E OS TOPÓNIMOS GALEGOS NO CATASTRO DE ENSENADA E EN MADDOZ

O emprego dos tres grafemas <x>, <g>, <j> en castelán comeza a someterse a regras no século XVIII, a partir da creación da Real Academia Española. O primeiro esbozo dáse no “Discurso proemial de la orthographia de la Lengua Castellana” do *Diccionario de Autoridades* (1726) e desenvólvese na *Ortografía española* de 1741, corrixida e aumentada na *Ortografía de la lengua castellana* de 1754. En xeral tende a reducirse o uso de <x>, pois presenta o problema de ter dous valores (/ks/ e /x/), e regúlase este uso segundo principios etimolóxicos. Cando o valor de <x> é /ks/ e precede vogal, recoméndase marcar con circunflexo esta vogal, para indicar que o valor de <x> non é o velar xordo (como tamén se fai nalgúns textos galegos de inicios do XIX para representar o /ʃ/). Velaquí os criterios sobre o emprego do <x> na *Ortografía española* de 1741 (216-218):

...por lo que la verdadera regla, para saber quando la hemos de escribir, debe ser el origen.

Y assi: Se ha de poner la X, quando se halle en la lengua latina; pero para facilidad de los que leen: Quando se pronuncia fuerte, la misma pronunciación explica que se debe escribir la X, que se halla en el origen, pero quando equivale á la cs y se ha de pronunciar suave, se señalará la vocal á quien hiere con el acento que los Latinos llaman circunflexo, y en las Imprentas capucha, escribiendo assi *exâmen*, *exôrbitante*: y se debe advertir que esta señal en Castellano no es nota de acento, sino signo de la pronunciación suave.

En aquellas voces, que en su origen Latino tienen S, que hiere á alguna vocal, la convertimos en X para la pronunciacion gutural, que las damos, v. g. *xabon* de *sapo*; *inxerir* de *inserere*.

También se escribe X en aquellas voces, que terminamos con pronunciación gutural, como en *carcax*, *relox*, la qual se conserva en los plurales, como *carcaxes* y *reloxes*.

E na *Ortografía* da Real Academia Española de 1754 (76-77):

I. Todas las voces que tienen en su origen X, quando esta letra equivale à CS, deben escribirse siempre con X, poniendo sobre la vocal á quien hiere la nota del acento circunflexo para señal del sonido con que se ha de pronunciar, como *exâmen*, *exâltación* etc. Y se advierte que la X en medio de diccion, siguiendo consonante, tiene siempre pronunciacion de CS, como en *extremo*, *expresar*, *extinguir*: por lo que no se usa en este caso del circunflexo ni de otra nota.

II. Quando la pronunciaci3n gutural es fuerte, se usará de la X, si las voces la tuvieren en su origen, y hubiere uso com3n de escribirlas con esta letra, como *Alexandría*, *foxedad*, *dixe*, *traxe*. Y esto debe extenderse á otras voces en que la S de su raiz latina se ha convertido en X con pronunciaci3n gutural, como *xabon* de SAPO, *inxerir* de INSERERE.

III. Tambien se escribirán con X algunos nombres en los quales, aunque no consta la razon del origen, hay la del uso comun y constante, como *Faxardo*, *Luxan*, *Quixada*.

IV. Assimismo debe usarse de la X en fin de aquellas voces que terminan en pronunciacion gutural, como *carcax*, *relox*, conservandola tambien en el plural.

Advirtase que o criterio de usar <x> para voces que tiñan <s> orixinario non é sempre estritamente etimolóxico ou polo menos non é sempre continuador das grafías medievais, pois tamén afecta a voces que tiveran o fonema sonoro, por exemplo procedente dun <s> intervocálico ante iode. Así, é ese criterio da Real Academia Española o que leva a Sarmiento a dicir que é erro escribir con <j> o apelido Feixó, dado o étimo PHASEOLU: “es error escribir Feijó” (Sarmiento 1970, 302).

Estas normas para a escrita do castelán tenden a xeneralizarse ao longo da segunda metade do XVIII, mais só afectan moi parcialmente á escrita de topónimos e apelidos galegos, pois a maioría destes son voces opacas cuxa orixe non se coñece e poden aparecer indistintamente con <x> ou con <g> ou <j>, sen que a preferencia por un deles responda a razóns etimolóxicas ou de calquera outra clase. Esa é a situación en que chegou a tradición gráfica da toponimia galega a comezos do século XIX. En 1815, a *Ortografía da Real Academia Española*, na súa oitava edición, modifica as normas e abandona definitivamente o emprego do grafema <x> para representar a fricativa velar xorda /x/ (aínda que se manteña en arcaísmos gráficos como *México*, *Xerez*, *Ximénez* etc.), establecendo que

“el sonido gutural que la x ha tenido hasta ahora en algunas voces, y nos vino del árabe, debe remitirse en adelante á la j y á la g en sus casos respectivos” (RAG, *Ortografía* 1815, 54).

Vemos a continuación as grafías con que aparecen no Catastro de Ensenada (1752-54) e no *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz (1845-50) os nomes de parroquias galegas que conteñen o fonema prepalatal fricativo. Do Catastro rexistramos unicamente as formas que constan no caderno das *Respuestas Generales* ou respostas ao *Interrogatorio*, que poden consultarse en Internet no Portal Pares². Pode observarse como a confusión dos grafemas e o arbitrario emprego de <x>, <g> e <j>, característico das grafías do século XVIII, deixa paso en Madoz (1845-1850) ás consecuencias da reforma ortográfica de 1815, que en boa medida xa fóra apli-

² Dado que a edición dixital do Portal Pares reproduce a copia depositada no Arquivo de Simancas, en ocasións pode haber discordancia gráfica coa copia conservada nos arquivos provinciais, segundo temos observado. Non incluímos nesta relación os haxiotopónimos comúns (*San Xoán*, *San Xiao* etc.), que polo regular son substituídos pola correspondencia castelá (*San Juan*, *San Julián*), non sendo aqueles casos onde o haxiónimo non é doadamente identificable (*Sanxenxo*, *Santiorenzo*, etc.). Indicamos entre parénteses (T) cando rexistramos o topónimo no título do libro ou caderno, (P) cando aparece no texto do preámbulo das respostas, (1ª) para a forma do topónimo que se rexistra na resposta á primeira pregunta, a que interroga sobre o nome da poboación, e (3ª) para as formas citadas na demarcación das parroquias, na resposta á terceira pregunta; outras ocorrencias rexistradas fóra destes catro lugares, cítanse polo número de folio. A relación non comprende todas as parroquias galegas actuais que teñen un /j/ no seu nome, pero si case todas. Dalgúñas parroquias actuais non existe interrogatorio, nos mais dos casos porque son de creación posterior; outras van incluídas no interrogatorio conxunto do couto ou xurisdición a que pertencen.

cada por Miñano no seu dicionario xeográfico (1826-1828). As grafías que rexistra Madoz, con poucas excepcións (casos como *Lage/Laje* ou conservación dalgún <x> como en *Loxo*, que en fontes posteriores sería substituído por *Lojo*), acabaron por constituír as formas escritas oficiais da toponimia galega durante a segunda metade do XIX e todo o século XX, ata os cambios realizados coa nova legalidade lingüística derivada do Estatuto de Autonomía, recollidos no *Nomenclátor de Galicia* de 2003. As entradas do dicionario de Madoz polo regular non marcan os tiles, defecto que sobreviviu en case todos os nomenclátors posteriores.

Dun xeito paralelo ao que aconteceu cos topónimos, os apelidos galegos que contiñan /ʃ/ tamén foron abandonando as grafías con <x>, tal como prescribía a norma do castelán de 1815, ao longo do século XIX. Polo que temos observado nos libros parroquiais, o cambio nas grafías dos apelidos foi moi lento e gradual, pero pódese afirmar que os apelidos galegos con /ʃ/ xa chegaron escritos sistematicamente con <g> ou <j> a 1875, data de creación do Rexistro Civil.

- Albixoi (Mesía): “Santa Marina de **Albixoi**” (T); “se llama Santa Mariña de **Albixoy**” (1ª) [Madoz: **Albijoy**].
- Aldixe (Abadín): “Feligresía de Santiago de **Aldige**” (T) [Madoz: **Aldije**].
- Alixo (O Barco): “Ynterrogatorio de las feligrs. de Cereyrido, Forcadela y Repurizelo, Énthoma, **Alixo** y Arnado” (T) [Madoz: **Alijo**].
- Alxén (Salvaterra): “Ynterrogatorio de la feligresía de San Pelagio de **Aljan**” (T); “se denomina de San Pelajio de **Aljan**” (1ª) [Madoz: **Alján**].
- Ambreixo (Palas de Rei): “San Vicente de **Ambreixo**” (T); “En la feligresía de San Vicente de **Ambreixo**” (P); “se denomina de San Vicente de **Ambreijo**” (1ª) [Madoz: **Ambreijo**].
- Ameixeira (Crecente): “**Ameixeira**” (lugar de Filgueira). [Madoz “**Ameigeira** (...) anexo de Filgueira”].
- Ameixenda (Ames): Na xurisdición do Xiro da Rocha. “Santa Marina de **Ameixenda**” (P); “Jacinto Bolaño de la **Ameijenda**” (P); “Santa Marina de **Ameijenda**” (1ª). [Madoz: **Ameigenda**].
- Amoexa (Antas de Ulla): “Feligresía de Santiago de **Amoexa**” (T). [Madoz: **Amoeja**].
- Anxeriz (Friol): “Santa María de **Anjeriz**” (T) [Madoz: **Angeriz**].
- Anxeriz (Tordoia): “Santa Mariña de **Anxeris**” (P), xurisd. de Xallas. [Madoz: **Angeriz**].
- Arabexo (Val do Dubra): “Santa María de **Aravejo**” (P), xurisdición de Dubra. [Madoz: **Arabejo**].
- Araúxo (Lobios): “villa de Sn Martin de **Araujo**” (T) [Madoz: **Araujo**].
- Araúxo, San Paio de (Lobios): “San Payo de **Araujo**” (T) [Madoz: **Araujo**].
- Arroxo (Baralla): “Interrogatorio de la feligresía de San Juan de **Arroxo**” (T). [Madoz: **Arrojo** (Neira de Jusá)].
- Arroxo (A Fonsagrada): “Intº de la feligresía de San Martin de **Arrojo**” (T). [Madoz: **Arrojo** (Neira de Jusá)].
- Arroxo (Sober): “Feligresía de San Martin de **Arrojo**, jurisdicion de Sover” (T). [Madoz: **Arrojo** (Sober)]
- Arteixo (Arteixo): “feligresía de Santiago de **Arteixo**” (T); “**Arteixo**” (1ª). [Madoz: **Arteijo**].
- Arxemil (O Corgo): “coto y fra. de San Pedro de **Argemil**” (T) [Madoz: **Argemil**].
- Arxemil, Santalla de (Sarria): “Santa Eulalia de **Arjemil**” (T) [Madoz: **Argemil**].
- Arxiz (Taboada): “Feligresía de San Paio de **Argis**” (T) [Madoz: **Argiz**].
- Bandoxa (Oza dos Ríos): “San Martín de **Bandoja**” (T); “san Martin **de Bandoja**” (1ª) [Madoz: **Bandoja**].
- Barxa (Celanova): “fra. de Sn Thome de **Barxa**” (T); “Sn Thome de **Barja**” (1ª). [Madoz: **Barja**].
- Barxa de Lor (A Pobra do Brollón): “Santa Mariña de **Barja**” (T); “Santa Mariña de **Barja** de Lor” (1ª), “en la fra. de **Barxa**” (191v). [Madoz: **Barja**].
- Barxacova, San Lourenzo de (Parada de Sil): “Interrogatorio del coto de **Barjacova**” (T); “**Varjacova**” (P). [Madoz: **Barjacoba**].
- Barxés (Muíños): “feligresía de Santa María de **Barxeles**” (T). [Madoz: **Bargeles**].
- Bexán (Cospoiteo): “Fra. de San Pelayo de **Vexan**” (T); “se intitula de San Pelaio de **Vexan**” (1ª). [Madoz: **Beján**].
- Bonxe (Outeiro de Rei): “Fra. de San Mamed de **Bonje**” (T, 1963v); “San Mamed de **Bonxe**” (T, 1965v). [Madoz: **Bonje**].

- Boqueixón (Boqueixón): "fra. de San Vizente de **Boqueixon**" (T), "se llama de san Vizente de **Boqueijon**" (1ª). [Madoz: **Boqueijon**].
- Borraxeiros (Agolada) "felegresias de san Xptobal de **Borraxeiros** y San Juan de Couso" (T); "San Xptoal de **Borraxeiros**" (P); "se llaman de San Xptoal de **Borraxeiros** y San Juan de Couso, que componen parte de la Jurisdiccion de **Borraxeiros**" (1ª); "término que ocupa dha felegresia de **Borraxeiros**..." (3ª). [Madoz: **Borraxeiros**].
- Breixa (Silleda): "Coto de Ansemil que se compone de la Feligresia de San Pedro de Ansemil y parte de las de Santiago de **Breixa** y San Christoval de Martixe" (P); "cura de Santiago de **Breixa** Dn Jph Antonio Carvajal" (P). [Madoz: **Breija**].
- Brexo (Cambre): "Feligresia de Sn Payo de **Brejo**" (T); "...se llama como dicho queda S. Payo de **Brejo**, inclusa en la bara de Creendes" (1ª). [Madoz: **Brejo**].
- Buxán (Roís): "San Juan de **Buxán**" (T). [Madoz: **Bujan**].
- Buxán (Val do Dubra): "Santiago de **Buxán** (...), jurisdiccion de Dubra" (T, P). [Madoz: **Bujan**].
- Buxán (O Bolo): Aparece indistintamente como **Buxan** e **Bujan** no interrogatorio de Celavente, Lente-llais e outras. No do Bolo aparece como **Balbuxan**. [Madoz: **Bujan**].
- Buxantes (Dumbria): "Feligresias de San Julian de Moraima y San Pedro de **Bujantes**" (T). [Madoz: **Bujantes**].
- Cameixa (Boborás): Xurisdiccion de Orcellón, "San Martin de **Cameixa**" (P); "lugares comprendidos en cada una de las feligresias como son en la de **Cameixa**: Sobredo, San Bartholome, Borraxas, Parada, Ôuteyro, Gontelle, **Cameixa**, Figueroa..." (P). [Madoz: **Cameixa**].
- Caxide (Parada de Sil): No interrogatorio do couto de Santa Cristina de Sil: "de allí a la cruz del Agro de **Caxide**" (3ª). [Madoz: **Cagide**].
- Cereixa (A Pobra do Brollón): "coto y feligresia de San Pedro de **Cereixa**" (T). [Madoz: **Cereija**].
- Cereixedo (Cervantes): "Santiago de **Cereixedo**" (T). [Madoz: **Cereixedo**].
- Cereixido (A Fonsagrada): "Stiago de **Cerexido**" [sic] (T); "**Cereixido**" (P); "se llama Santiago de **Cereixido**" (1ª). Da Xurisdiccion da Proba de Burón; o lugar de Santa Xuiá, na mesma parroquia, rexístrase como "Santa Juliana de **Zereigido**". [Madoz: **Cereijido**].
- Cereixido (Quiroga): "feligrs. de **Cereixido**, Forcadela y Repurizelo" (T). [Madoz: **Cereijido**].
- Cereixo (A Estrada): "San Jorge del **Cereijo**" (P), na xurisdiccion de Tabeirós. [Madoz: **Cereijo**].
- Cereixo (Vimianzo): No Interrogatorio das freguesías de Traba e outras: "Santiago de **Cereijo**"; "Coto de la Puebla de **Cereixo**"; "Puebla de **Cereijo**"; "Santiago de **Cereixo**" (P). [Madoz: **Cereijo**].
- Cexo (Verea): "Ynterrogatorio de la fra. de San Adrian de **Cexo**" (T). [Madoz: **Cejo**].
- Cexo, Santa María de (Verea): "Ynterrogatorio de la fra. de Santa Maria de **Cejo**" (T). [Madoz: **Cejo**].
- Chandrex (Parada de Sil): No interrogatorio de Montederramo: "Santa María de **Chandrex**" (P). No de Santa Cristina de Sil: "...y Santa Maria de **Chandrex**, las cuales componen el todo de la jurisdiccion del coto (...) y la de santa maria de **Chandreja** no es feligrisia entera" (1ª). [Madoz: **Chandreja**].
- Chandrex de Queixa (Chandrex de Queixa): "Jurisdiccion y Partido de **Queija**" (T). "San Pedro de **Chandreja**" (P). [Madoz: **Chandreja**].
- Conxo (Santiago de Compostela): "Santa Maria de **Conjo**" (T) [Madoz: **Conjo**].
- Corexido (A Veiga): Interrogatorio de "Prada y otras": "**Corugido**", "**Curugido**", "**Curugido**" (P). [Madoz: "**Curejido** ó **Correjido**"].
- Correxais (Vilamartín de Valdeorras): "San Pedro de **Correjanas**" (1ª) [Madoz: **Correjanas**].
- Coruxou (Irixoa): "San Salvador de **Corujou**" (T); "San Salvador de **Corujou** inclusa en esta jurisdiccion de Pruzos" (1ª) [Madoz: "**Corujou** ó **Corujon**"].
- Couxela (Ribadeo): "Felegresia de Santiago de **Coxela**" (T); "Santiago de **Cojela**" (P); "se llama Santiago de **Cojela** segun queda expresado" (1ª). [Madoz: **Cogela**].
- Couxil (Cartelle): "Ynterrogatorio del Coto de **Couxil** y Couxilino" (T); "se llama el Coto de **Coujil** y Couxiliño" (1ª). [Madoz: **Cougil**, **Coujiliño**].

- Deixebre (Oroso): "Santa Maria de **Deixebre**" (T); "dixeron llamarse esta Fra. Santa Maria de **Deijebre**" (1ª). [MADOZ: **Deijebre**].
- Eirexalba (O Incio): "Jurisdicción de Somoza la Mayor de Lemos, feligresía de San Estevan de **Eirixalva**" (T); "San Estevan de **Eirjalva**" (P). [Madoz: **Eirejalba**].
- Eixón (A Pobra do Brollón): "feligresía de San Jorge de **Eyxon**" (T); "San Jorge de **Eyjon**" (P); "se llama la feligresía de San Jorge de **Eijon**" (1ª). [Madoz: **Eijon**].
- Enxames (Vilardevós): "Interrogatorio de San Juan de **Enjames**" (T); "se llama feligrisa de San Juan de **Enxames**" (1ª). [Madoz: **Enjames**].
- Estraxiz (Samos): "feligresía de Santiago de **Extragiz**" (T). [Madoz: **Estragid**].
- Fixós (Lugo): "Fra. de Santa Marta de **Fixos**" (T); "dha fra. de **Fixós**" (P); "se denomina de Santa Marta de **Fixós**" (1ª). [Madoz: **Fijos**].
- Foxado (Curtis): "Fra. de Santa Maria de **Foxado**" (T); "feligresía de Santa Maria de **Fojado**" (P); "se denomina de Santa Mª de **Foxado**" (1ª). [Madoz: **Fojado**].
- Foxás (Touro): Na xurisdicción de Cira: "**Foxanes**" (P); "San Berísimo de **Foxanes**" (1ª). [Madoz: **Fojanes**].
- Freituxe (Bóveda): "Fra. de Santiago de **Freituxe**" (T). [Madoz: **Freituge**].
- Freixeiro (Santa Comba): Xurisdicción de Xallas: "San Felix de **Freijeiro**" (P), "San Felix de **Freijeiro**" (P). [Madoz: **Freijeiro**].
- Freixido (Petín): "**Frejido** de Avaxo" (P), freguesía de Santiago de Petín. [Madoz: **Frejido**].
- Freixís (Navia de Suarna): "San Pedro de **Freixis**" (T). [Madoz: **Freijis**].
- Freixo (Celanova): En Celanova, "Santa Christina de **Freixo**" (T). En Vilanova, "San Juan de Vivero y Sta Xptina de **Freijo**" (T); "Sn Juan de Vivero y santa Xptina de **Freixo**" (1ª). [Madoz: **Freijo**].
- Freixo (A Fonsagrada): "San Julian de **Freixo**" (P), xurisdicción da Proba de Burón. [Madoz: **Freijo**].
- Freixo (Samos): "San Silvestre de **Freixo**" (T); "dicha feligresía de **Freixo**" (P); "feligresía de San Silbestre de **Freijo**" (1ª). [Madoz: **Freijo**].
- Freixo (Sarreaus): "San Salvador de Rio de **Freixo**" (T); "San Salvador de Rio **Freixo**" (P). [Madoz: **Freijo**].
- Freixo, O (Crecente): "Feligresía del Freixo" (T). [Madoz: **Freijo**].
- Freixo, O (As Pontes de García Rodríguez): "San Juan del **Freixo**" (T). [Madoz: **Freijo**].
- Frexulfe (O Valadouro): "Santa Eulalia de **Frejulfe**" (T); "Santa Eulalia de **Frejulfe**, jurisdicción de la tierra llana de el Valle de Oro, provª de Mondoñedo" (1ª). [Madoz: **Frejulfe**].
- Froxais (Viana do Bolo): "lugar de **Forjanes**, jurisdicción de la Villa de Viana del Bollo" (1ª). [Madoz: **Frojanés**].
- Gaxate (A Lama): "Jurisdicción de Cal de Bergazo (...), San Pedro de **Gaxate**..." (P). [Madoz: **Gajate**].
- Granxa, A (Boqueixón): "San Lorenzo de **Granxa**" (T); "San Lorenzo de **Granja**" (P); "coto y feligresía se llaman san Lorenzo de **Granja**..." (1ª). [Madoz: **Granja, La**].
- Granxa, A (Oímbra): "San Juan de la **Granxa**..." (1ª), no "Ynterrogatorio de Santa Eulalia de Bousenes [Bousés] y mas que comprende". [Madoz: **Granja**].
- Grixalba (Sobrado): "Interrogatorio de San Julian de **Grijalva**" (T). [Madoz: **Grijalba**].
- Grixoa (San Amaro): "Santa Maria de **Grijoa**" (P), xurisdicción de Roucos. [Madoz: **Grijoa**].
- Grixoa (Santa Comba): "San Juan de **Grixoa**" (P), xurisdicción de Xallas. [Madoz: **Grijoa**].
- Grixoa de Esternande (Santa Comba): "Santa Maria de **Grigoa** [sic] de Esternande" (P), "Santa María de **Grixoa** de Esternande" (1ª), xurisdicción de Xallas. [Madoz: **Grijoa de Esternande**].
- Grixoa (Santiago de Compostela): "Santa María de **Grixoa**" (P). Xurisdicción do Xiro da Rocha: "que dhas cinco feligresías se denominan (...) San Pedro de Busto, Santa Maria de **Grixoa**, Santa Marina de Ameijenda..." (1ª); "La feligresía de Santa María de **Grixoa** ocupa..." (3ª). [Madoz: **Grijoa**].
- Grixoa (Viana do Bolo): "**Grijoa**" (P) [Madoz: **Grijoa**].
- Irixoa (Irixoa): "San Lorenzo de **Yrixoa**" (T); "se llama Sn Lorenzo de **Yrixoa**" (1ª). [Madoz: **Irijoa**].
- Irixoa (Murás): "San Julian de **Herijoa**" (T); "tiene el nombre de feligresía de San Julián de **Hirijoa**" (1ª). [Madoz: **Irijoa**].

- Laraxe (Cabanas): “**Laraxe**, San Maamed [sic]” (T); “Fra. de San Mamed de **Laraxe**” (P); “Fra. de San Mamed de **Larage**” (P). [Madoz: **Larage**].
- Laxe (Laxe): Na xurisdición de Vimianzo: “Santa Maria de la Atalaia de **Laje**” (P); “de **Lage**” (P); “de la Atalaia de **Lage**” (1ª). [Madoz: **Lage, Laje**].
- Laxe, A (Chantada): “San Juan **da Laxe**” (T); “San Juan **Dalaxe**” (P); “se denomina San Juan **da Laxe**, coto del mismo nombre” (1ª) [MADOZ: “**Lage** (San Juan da) o Seoane **da Laje**”].
- Laxe, A (O Valadouro): “Feligresía de San Juan de **Alaxe**” (T); “feligresía de san Juan de **Alaje**” (P); “San Juan de **Alaje**, jurisdicion de la tierra llana de el Valle de Oro” (1ª). [Madoz: **Alaje**].
- Laxe, A (Moraña): “San Martin de **Laxe**” (P), na xurisdición chamada de Peñaflor; “la de San Martin de **Laxe** ocupará...” (3ª). [Madoz: **Lage**].
- Laxe, A (O Saviñao): “Ynterrogatorio de la fra. de San Fiz **da Laxe**” (T); “que dha feligresía se denomina de san Fiz **da Laxe**” (1ª). [Madoz: “**Laje**, San Pedro Félix de”].
- Laxe, A (Paradela): “Interrogatorio de Santiago de **Laxe**” (T). “Feligresía de Santiago de **Laxe**” (P); “por lo tocante a la fra. de Santiago de **Laje**” (P). [Madoz: **Laje**, Santiago de].
- Laxes (Baralla): “Feligresía de San Pedro de **Laxes**” (T); “se llama como se ha dicho San Pedro de **Lajes**” (1ª). [Madoz: **Lajes**].
- Laxosa (O Corgo): “Fra. de Santiago de **Lajosa**” (T). [Madoz: **Lajosa**].
- Lebruxo (Baralla): “Fra. de San Thomé de **Lebruxo**” (T); “se denomina de Santhomé de **Lebruxo** y es anexa a la parroquial Yglesia de Covas” (1ª). [Madoz: **Lebrujo**].
- Leixa (Ferrol): “Interrogatorio de la fra. de San Pedro de **Leixa**” (T); “San Pedro de **Leixa**” (1ª). [Madoz: **Leija**].
- Lexo (Baralla): “Interrogatorio de la fra. de San Juan de **Lexo**” (T); “se llama como ba dicho San Juan de **Lexo**” (1ª). [Madoz: **Lejo**].
- Loxo (Touro): Na xurisdición de Cira: “Interrogatorio de Santa Maria **del Ojo**” (T); “En la feligresía de Sta Maria **del Oxo**” (P); “se llama Santa Maria de **Lojo**” (1ª). [Madoz: **Loxo**].
- Maroxo (Arzúa): A parroquia divídese entre as xurisdicións de Boente e Abeancos. En Boente: “Santa María de **Maroxo**” (P); “**Maroxo**” (1ª). En Abeancos, “feligresía de Santa María de **Marojo**” (P), “Santa Maria de **Maroxo**” (1ª). [Madoz: **Marojo**].
- Martixe (Silleda): “Coto de Ansemil, que se compone de la Feligresía de San Pedro de Ansemil y parte de las de Santiago de Breixa y San Chistoval de **Martixe**” (1ª); “San Christoval de **Martixe**” (P). [Madoz: **Martije**].
- Meixente (Sarria): “Coto de San Julian de **Meigente**” (T); “que dicho coto se nomina San Julian de **Meijente**” (1ª). [Madoz: **Meijente**].
- Meixide (Palas): “San Pedro de **Meijide**” [Madoz: **Meijide**].
- Meixide (A Veiga): “**Meigide**” (P), “**Meijide**” (P), no interrogatorio de “Prada y otras”. [Madoz: **Meijide**].
- Meixigo (Cambre): “Interrogatorio de San Lorenzo de **Mejigo**” (T). [Madoz: **Mejigo**].
- Méixome (Lalín): “Fra. de Santiago de **Mejome**” (T). [Madoz: **Mejome**].
- Moneijas (Lalín): “San Adrián de **Moneijas**” (T). [Madoz: **Moneijas**].
- Montoxo (Cedeira): “San Julian de **Montojo**” (T); “San Julian de **Montojo**” (1ª). [Madoz: **Montojo**].
- Montoxo, San Román de (Cedeira): “San Román de **Montojo**” (T); “Antonio Lamigueiro y Valdés cura párrocho dela feligresía de san Roman de **Montoxo**” (P); “fra. de **Montoxo**” (P); “vezinos de la propia fra. de **Montoxo**” (P). [Madoz: **Montojo**].
- Moruxo (Bergondo): “feligresía de San Bizente de **Moruxo**” (T). [Madoz: **Morujo**].
- Muxa (Lugo): “Santa Maria de **Mujà** de Arriva”, “San Pedro Fiz de **Mujà**” (P). [Madoz: **Muja**].
- Muxía (Muxía): “**Mujía** (villa)” (T). [Madoz: **Mugia**].
- Muxueira, A (Riotorto): “Fra. y coto de San Lorenzo de la **Mojueira**” (T); “que esta población se llama feligresía se llama de San Lorenzo de la **Moujueira**” (1ª). [Madoz: **Mojueira**].
- Padriñán-Sanxenxo (Sanxenxo): “Juan Feliz Pallares abad de la villa de **San Genjo** y fra. de San Ginés de Padriñán (...) Thomas Leal y Jacobo de Gondar, peritos de dha villa de **San Genxo** y fra. de San Ginés de Padriñán (...) peritos del puerto y villa de **San Genjo**” [Madoz: **Jenjo, San**]

- Panxón (Nigrán): "Fra. de San Juan de **Panxon**" (T). [Madoz: **Panjon**].
- Peroxa, A (A Peroxa e Coles): "Interrº de la Jurisdicción de la **Peroja**" (T); "lugar de la Netorra, jurisdicion de **la Peroxa...**" (P). [Madoz: **Peroja**].
- Pexegueiro (Tui): "San Miguel de **Pesegueiro**" (T). [Madoz: **Pesegueiro**]. A forma *Pexegueiro* con que figura no Nomenclátor de 2003 é unha adaptación ao estándar galego actual; nas fontes históricas aparece sempre como *Pesegueiro*, forma coincidente coa do portugués.
- Pexeiros (Os Blancos): "Santa Maria de **Pexeiros**" (T). [Madoz: **Pegeiros**].
- Pexeiros (Viana do Bolo): "**Pixeiros**" (T); "En el lugar de **Pijeiros...**" (P); "lugar de **Pejeiros** de la feligresia de la Yglesia parrochial de San Adrian de Solbeira" (1ª). [Madoz: **Pigeiros**].
- Prexigueiró (O Pereiro de Aguiar): "San Salvador de **Prigigueiro**" (P), no interrogatorio da xurisdición "de la villa del Pereiro de Aguiar". [Madoz: **Prigigueiro**].
- Punxeiro (Viana do Bolo): "lugar de **Punxeiro**, jurisdicion de la villa de Vilana de el Vollo" (1ª). [Madoz: **Pungeiro**].
- Punxín (Punxín): "feligresia de Santa Maria de **Punxin**" (T). [Madoz: **Pungin**].
- Puxeda, A (Palas de Rei): "Santa Maria de **Pujeda**" (T); "Santa Maria de la **Pujeda**" (P). [Madoz: **Pugeda**].
- Queixa (Chandrea de Queixa): "Ynterrogatorio (...) de la Jurisdicion y Partido de **Queija**" (T). [Madoz: **Queija**].
- Queixas (Cerceda): "Santa Maria de **Queixas**" (T); "fra. de Santa María de **Queixas**, jurisdicción de las Encrobas" (P). [Madoz: **Queijas**].
- Queixeiro (Antas de Ulla): "San Pedro de **Queijeiro**" (T). [Madoz: **Queigeiro**].
- Queixeiro (Monfero): "San Jorge de **Queixeiro**" (T); "se dice y denomina San Jorge de **Queijeiro**" (1ª). [Madoz: **Queigeiro**].
- Refoxo (Sober): "felegrª de Sn Esteban de **Refoxo**" (T); "frª de **Refoxo**" (P); "san Esteban de **Refojo** ynclusa en esta Jurisdicción de Sober" (1ª). [Madoz: **Refojo**].
- Refoxos (Silleda): "cotos de **Refoxos**, Rosende, Bazar..." (P), na Xurisdición de Trasdeza. "Ynterrogatorio de S. Pelagio de **Refoxos**" (P); "coto de San Pelagio de **Refoxos**" (P); "que esta población se llama Coto de **Refojos**" (1ª). [Madoz: **Refojos**].
- Refoxos (Cortegada): "San Benito de la Arnoya y Bestuaría, Jurisdicción de **Refoxos**" (T); "Feligresia de san Berisimo de **Refoxos**" (1ª). [MADOZ: **Refojos**].
- Requeixo de Valverde (Allariz): "lugar de Balberde de la felegresia de Santa Maria de **Requejo**" (T); "lugar de Balverde de la fra. de Santa Maria de **Requexo**" (P); "de Santa Maria de **Requejo**" (1ª). [MADOZ: **Requejo**].
- Requeixo (Chandrea de Queixa): "Santa Maria Magdalena de **Requeixo**" (P). [Madoz: **Requejo**].
- Requeixo (Chantada): "Interrogatorio de la frª de Santº de **Requeijo**" (T). [Madoz: **Requeijo**].
- Requeixo (Manzaneda): "**Requejo**" (P) [Madoz: **Requejo**].
- Requeixo (Sarria): "Ynterrogatorio de la fra. de San Martin de **Requeixo**" (T); "que la poblacion de que se trata se llama fra. de Sn Martin de **Requeixo**" (1ª). [Madoz: **Requeijo**].
- Requeixo (Pontecesures): "San Xulián de **Requeixo**", en Valga (3ª). [Madoz: **Requeijo**].
- Requeixo (A Veiga): "**Requexo**" (P), no interrogatorio de "Prada y otras". [Madoz: **Requejo**].
- Rianxo: "villa y feligresia de Santa Columba de **Rianxo**" (T); "en la villa de **Rianjo**" (P); "que esta villa y feligresia se llama de Santa Columba de **Rianjo**" (1ª). [Madoz: **Rianjo**].
- Riocereixa (Pedrafita do Cebreiro): "Santa Maria Magdalena de **Rio de Cereixa**" (T); "en la fra. de Santa Maria Magdalena de **Rio Cereixa**" (P); "se llama de Santa Maria Magdalena de **Rio de Cereixa**" (1ª). [Madoz: **Riocereija / Rio-Cereija**].
- Sabaxáns (Mondariz): "San Mamed de **Sabaxanes**" (T); "feligresia de San Mamed de **Sabajanes**" (P); "se denomina de San Mamed de **Savajanes**" (1ª). [Madoz: **Sabajanes**].
- Saldanxe (A Pastoriza): "San Miguel de **Sandanje**" (T); "fra. de San Miguel de **Saldanje**, ynclusa en el coto de Crezente" (P). [Madoz: **Saldanje**].

- Santiorxo (Sober): “Feligresía de san Xorxe de **Santiorxo**” (T); “fra. de San Xorxe de **Santiorjo**” (P); “se llama la feligresía de San Xorxe de **Santiorxo** sujeta a esta jurisdicción de Monforte” (1ª). [Madoz: **Santiorjo**].
- Sanxenxo v. Padriñán
- Seixadas, As (Cartelle). “**Seixadas**” (P), xurisdicción do Castelo de Sande; “**Seixadas**, Seijadelas” (P). [Madoz: **Seixadas, Seixadelas**].
- Seixalbo (Ourense): “...villa y coto de **Sejalvo**” (T). [Madoz: **Sejalbo**].
- Seixas (Cospeito): “Fra. de San Pedro de **Seixas**” (T). [Madoz: **Seijas**].
- Seixón (Friol): “Interrogatorio de la fra. de San Payo de **Seixón**” (T). [Madoz: **Seijon**].
- Seixosmil (Meira): Na demarcación do couto de San Xurxo de Piquín (“San Xorxe de Pequín”) figura entre as estremas o “Marco do Chao de **Sejosmil**” (3ª). [Madoz: **Sejosmil**, San Isidro de].
- Sixirei (Baralla): “Fra. de San Pedro de **Siguirey**”; “...se llama como ba dho de San Pedro de **Siguirey**” (3ª). [Madoz: **Siguirei**, San Pedro de]. Quizais estas grafías obedecen á interpretación como gheada da pronuncia do topónimo á castelá, con velar fricativa.
- Taboexa (As Neves): “Interrogatorio de la feligra. de Santa María de **Taboexa**” (T) [escrito “**Taboesa**” e corrixido o S cun trazo inclinado]; “este quaderno correspondiente a la feligresía de santa maria de **Taboesa**” [sic] (P). [Madoz: **Taboeja**].
- Teixeiro (Lugo): “fra. de Santa María de **Teyxeyro**” (T); “que dha fra. solo se denomina Santa María de **Teyxeyro**” (1ª). [Madoz: **Teijeiro**].
- Teixido (O Bolo): No interrogatorio do “lugar de Prada y mas en el comprehendidos”, xurisdicción do Bolo, consta como “Lugar de **Tejido**” (3ª); no interrogatorio de “Celavente, Lentellais y otros” figura como “**Teixido**” (P). [Madoz: **Tejido**].
- Texós (Baltar): “feligresía de Santa María de **Texones**” (T), “de Santa María de **Tejones**” (P); “se llama la fra. de Santa María de **Texones**” (1ª). [Madoz: **Tejones**].
- Toxos Outos (Lousame): “San Justo” (T); “esta jurisdicción se llama de San Justo de **Toxos Outos**” (1ª). [Madoz: **Tojos-Outos**].
- Tuxe (O Bolo): “que esta pob^{on}. se llama el lugar de **Tuxe**” (1ª). [Madoz: **Tuje**].
- Valeixe (A Caniza): “Santa Xptina de **Valeixe**” (T); “se llama de Santa Xptina de **Valeixe**” (1ª). Nos interrogatorios relativos ás parroquias veciñas consta o nome desta con variedade de grafías: “**Baleije**” (interrogatorio das Achas), “**Valeixe**” (no de Parada das Achas), **Valeige** (no de Oroso). [Madoz: **Valeije**].
- Ventoxo (Forcarei): “San Nicolas de **Bentojo**” (P), xurisdicción de Santa M^a Magdalena de Montes; “San Nicolás de **Bentoxo**” (3ª). [Madoz: **Ventojo**].
- Vilarxoán (O Incio): “San Lorenzo de **Villar Juan**” (P); “fra. de **villar joan**” (P); “San lorenzo de **villarjuan** jurisdicción de Samos provincia de Lugo” (P). [Madoz: **Villarjuan**].
- Vilatuxe (Lalín): “Int^o de la fra. de San Lorenzo de **Villatuge**” (T). [Madoz: **Villatuje**].
- Vilaúxe (Chantada): “San Salvador de **Villauje**” (T). [Madoz: **Villauje**].
- Vilaxuste (Portomarín): “fra. de San Pedro de **Villajuste**” (T). [Madoz: **Villajuste**].
- Víxoi (Bergondo): “San Pedro Phelix de **Bijoi**” (T); “se llama y tiene el nombre de San Pedro Phelix de **Bixoy**” (1ª). [Madoz: **Vijoy**].
- Xagoaza (O Barco de Valdeorras): “Lugar y conzejo de **Jaguaza**” (P). [Madoz: Jagoaza].
- Xallas (Negreira): “San Pedro de **Jallas**” (P), na xurisdicción da Barcala. [Madoz: **Jallas** –pero cun anómalo acento na última sílaba en **Jallás de Castriz** – **Jallás de Arzón**; e tamén no nome do río: “**Jallás** ó **Ézaro**”].
- Xanceda (Mesía): “San Salvador de **Juanceda**” (T). [Madoz: **Juanceda**].
- Xanza (Valga): “Santa María de **Janza**” (T) [Madoz: **Janza**].
- Xares (A Veiga): “**Xares**” (P); **Jares**” (P), no interrogatorio de “Prada y otras”. [Madoz: **Jares**].
- Xava (O Bolo): “**Jaba**” (3ª), no interrogatorio do Bolo. [MADOZ: **Jaba**].

- Xavestre (Trazo): Interrogatorio da xurisdición de Montaos: "San Christoval de **Javestre**" (P); "San Xptoval de **Javestre**" (1ª). [Madoz: **Jabestre**].
- Xaviña (Camariñas): "Santa Maria de **Javiña**" (P), no "Interrogatorio de Santiago de Traba y mas en el comprendidos". [Madoz: **Javiña**].
- Xaviña (Coristanco): "Interrogatorio del Coto y jurisdición de **Javiña**" (T); "Santo Thomé de **Javiña**" (P), "cura de San Thomé de **Javiña**" (P); "se llama coto y jurisdición de **Jabiña**" (1ª). [Madoz: **Javiña**].
- Xendive (Boborás): "San Mamed de **Gendive**" (P), "**Gendibe**" (P), "**Jendive**" (P), no interrogatorio da xurisdición de Orcellón. [Madoz: **Gendive**].
- Xerdiz (Ouro): "Interrogatorio de el Coto de **Jerdiz**" (T); "se llama Coto de **Jerdiz**" (1ª); na demarcación da veciña parroquia de Miñotos dise que linda por poñente "con Santa María **del Gerdiz**" (3ª). [Madoz: **Gerdiz**].
- Xermade (Xermade): "felegresia de Santa María de **Jermad**" (T). [Madoz: **Germade**].
- Xermar (Cospeito): "Respuestas Generales de la felegresia de Santa María de **Jermar**" (T) [Madoz: **Germar**].
- Xermeade (Muíños): "San Miguel de **Xermeade**" (P), "se llama san Miguel de **Xermeade** y consta de un lugar asi llamado" (1ª), no interrogatorio de Muíños e a súa xurisdición. [Madoz: **Germeade**].
- Xesta, A (Lalín): "Interrogatorio de la fra. de San Pedro Fix **da Jesta**" (T). [Madoz: **Gesta**].
- Xesteda (Cerdeja): "Interrogatorio de Santa Columba de **Jesteda**" (T). [Madoz: **Gesteda**].
- Xestoso, Alto de - Xestoso, Val de (Monfero): "Respuestas generales de Santa Maria de **Xestoso**" (T); "En la feligresia de Santa Maria de **Xestoso**" (P); "que esta población se llama la feligresia de Santa María de **Gestoso**" (1ª). [Madoz: **Gestoso**].
- Xeve (Pontevedra): "Ynterrogatorio del Coto de **Jeve**" (T). [Madoz: **Geve**; pero **Jeve** "antigua jurisdición"].
- Xiá (Friol): "Interrogatorio de la felegresia de Santa Maria de **Jià**" (T). [Madoz: **Gia** (Giá)].
- Xián (Taboada): "Ynterrogatorio de Sta Maria de **Jian**" (T); "se llama la fra. de Santa Maria de **Jian**" (1ª). [Madoz: **Gian**].
- Xil (Meaño): "Santa Eulalia de **Gil**" (P), na xurisdición da Lanzada. [Madoz: **Gil**].
- Xinzo de Limia (Xinzo de Limia): "Fra. de Santa Marina y villa de **Jinzo**" (T). No interrogatorio da veciña parroquia de Fiestras: "San Andrés de Fiestras, (...) jurisdición de **Xinzo**" (P), "justicia hordinaria de la villa de **Jinzo**" (P). [Madoz: **Ginzo**].
- Xirazga (Beariz): "San Salvador de **Girazga**" (P), no interrogatorio de Dúas Igrexas (*Dosiglesias*). [Madoz: **Girasga**].
- Xironda, A (Cualedro): "Coto de San Salvador de Vilamaior de la **Gironda**" (T). [Madoz: **Gironda**].
- Xobre, O ou O Maño (A Pobra do Caramiñal): "Santa María del **Jobre**" (T). [Madoz: **Jobre**].
- Xoibán (Vilalba): "San Salvador de **Joiban**" (T); "se llama San Salvador de **Joiban**" (1ª). [Madoz: **Joiban**].
- Xornes (Ponteceso): "San Juan de **Jornes**" (T). [Madoz: **Jornes**].
- Xove (Xove): "San Bartholomè de **Jobe**" (T). [Madoz: **Jove**].
- Xuances (Xove): "Ynterrogatorio de la felegresia de San Pedro de **Juanzes**" (T). [Madoz: **Juances**].
- Xubia (Narón e Serantes-Ferrol): "San Martín de **Jubia**" (P); "**Jubia**, Santa Maria de Caranza (P)" [Madoz: **Jubia**].
- Xubial (Melide): "Interrogatorio de Santiago de **Jubial**" (T) [MADOZ: **Jubial**].
- Xudán (A Pontenova): "Santa Maria Magdalena de **Judan**" (T). [Madoz: **Judan**].
- Xuño (Porto do Son): "Santa Marina de **Juño**" (T). [Madoz: **Juno**].
- Xunqueira (A Pobra de Trives): No interrogatorio do Partido de Trives, "San Pedro de **Junquera**" (P). [Madoz: **Junquera**].
- Xunqueira de Ambía (Xunqueira de Ambía): "**Junquera** de Ambía" (T). [Madoz: **Junquera de Ambia**].
- Xunqueira de Espadanedo (Xunqueira de Espadanedo): "**Junquera** de Espadañado" (T). [Madoz: **Junquera** de Espadañado].
- Xunqueiras (Pazos de Borbén): "San Salvador de **Junqueiras**" (T). [Madoz: **Junqueiras**].

Xurenzás (Boborás): “**Jurenzás**” (P), no couto de Orcellón. [Madoz: **Jurenzas**].

Xustáns (Ponte Caldelas): “San Martin de **Justanes**” (P), no interrogatorio de Tourón (Thouron). [Madoz: **Justanes**].

Xustás (Cospeito): “felegresía de Santiago de **Justás**” (T). [Madoz: **Justas**].

Xuvencos (O Saviñao): “Fra. de Santiago de **Jubencos**” (T). [Madoz: **Jubencos**].

Xuvencos (Boborás): “**Jubencos**” (P), no couto de Orcellón. [Madoz: **Jubencos**].

Para os topónimos que Ensenada só recolle con <g> ou <j> tamén poderíamos atopar algunha atestación anterior ao século XIX escrita con <x>, dada a intercambiabilidade dos grafemas que vimos atrás. Estes testemuños permiten afirmar que a escrita dos topónimos galegos con <j> ou con <g> ante vogal palatal (*Gestoso*, *Rianjo*, *Sanjenjo*...), que constituíu a grafía oficial durante o século XX, non é continuación dunha escrita histórica ou etimolóxica, por máis que en ocasións coincida coa escrita medieval, senón o resultado dunha acomodación ás normas do castelán de 1815.

5. OS APELIDOS FEIXÓ~FEIXOO E RAXOI

Rematamos cuns comentarios acerca dos apelidos mencionados por Xavier Alcalá nos textos citados no apartado inicial deste artigo. O primeiro destes apelidos contén o substantivo común *feixó* (‘feixón, faba’) e remite ao étimo latino *PHASEOLU*, como xa expuxo no seu día o Padre Sarmiento. Parece que a motivación que suscitou na época medieval o seu emprego como alcuña procede do uso humorístico do nome deste legume co significado do substantivo *calva*. Sería, xa que logo, semanticamente equivalente do apelido *Calvo*, formado co correspondente adxectivo común. Este significado pode deducirse dunha cantiga de Afonso X relativa ao pertigueiro de Deza (Brea 1996: I, 150-151) na cal aparece *fejoo* como sinónimo de *calvareça*; no texto, o segundo verso da segunda estrofa (“que semelha Pedro Gil *no fejoo*”) é paralelístico do segundo verso da primeira (“semelha Pedro Gil *na calvareça*”).

Entre os séculos XVI e XVIII podemos atopar este apelido escrito indistintamente con <j> ou con <x>, coa mesma variabilidade e discrecionalidade que observamos nos topónimos. O ilustrado de Casdemiro escribía o seu apelido con <j>, *Fejoo*, e así aparece nas súas obras; é grafía coincidente coa medieval, correspondente ao antigo fonema sonoro, pois procede de *+iode* intervocálicos. Mais como as normas da Academia Española entre 1741 e 1815 establecían, cun criterio pretendidamente etimolóxico, a grafía con <x> nos casos procedentes dun s orixinario, unha vez que foi coñecido o seu étimo prescribiuse a grafía *Feixoo*. Así, na edición de 1770 da Ortografía, posiblemente facéndose eco da información etimolóxica proporcionada por Sarmiento, figura *Feixoo*, con <x>, na “Lista de varios apellidos y de algunos pueblos y rios de España, que por ser tambien de dudosa ortografía, se determina como se deben escribir” (RAE 1770: 252). A grafía actual con <j> obedece á reforma da ortografía española de 1815.

Polo que se refire á dupla vogal final, debemos considerala unha grafía arcaizante, que se ben desapareceu do galego común, sobrevive, alternando coa solución simplificada, noutros topónimos e apelidos galegos (*Saa~Sá*, *Boo~Bo*, *Rioboo~Riobó*, *Moo~Mó*, etc.). É anómalo o acento con que en ocasións se marca a penúltima vogal (*Feixóo*, igual ca en *Riobóo*, *Sáa* etc.), que non se avén coas regras de acentuación do galego nin coas do castelán.

Raxoi é apelido toponímico. O Nomenclátor recolle tres entidades chamadas así nos concellos da Caniza, Valga e Vedra. Hai ademais unha localidade *Portarraxoi* en Pontecesures, en composición co resultado de *PORTUM AD*, topónimo viario que ha de facer referencia ao lugar de *Raxoi* do concello de Valga, no Camiño Real de Santiago a Pontevedra. Cremos que é nesta localidade onde ten orixe o apelido de Mariano Rajoy. No Catastro de Ensenada da parroquia de San Miguel

de Valga atopamos varios individuos con ese apelido, en cuxa escrita alternan as formas con <x> e con <j> (máis frecuentemente as primeiras) e con <i> e <y> na vogal da marxe do ditongo decrecente. Entre os propietarios de muíños: “ôtro de Francisco Raxoi” (117v, respostas á pregunta 17); entre os propietarios de pombais “ôtro de Don Domingo Raxoi presvitero con cinquenta pares” (119r, pregunta 19); entre os eclesiásticos: “Don Domingo Rajoi” (121r, pregunta 38)... No mesmo interrogatorio de Valga, no apéndice de oficios e profesións, constan así mesmo dous carreiros chamados *Blas Raxoy* e *Francisco de Raxoy* (126v); e no da veciña parroquia de San Salvador de Setecoros, un cirurxán chamado *Juan Antonio Rajoi* (453 v).

O topónimo *Raxoi* contén moi probablemente un xenitivo de posesor altomedieval, creado a partir do nome persoal *Ragiolus*, que rexistramos na documentación medieval galega coa grafía *Ragiolo* (Celanova, ano 1005, nº 187, nº 573...), o mesmo ca a correspondente forma feminina *Ragiola* como nome de muller (“Tello et uxor sua Ragiola”, Celanova ano 1010, nº 333).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alcalá, Xavier (2003): “Feijoo, Feijóo, Feijó e Feixó”, *La Voz de Galicia* (8-11-2003).
- Alcalá, Xavier (2011): “«Rakhoy» si, «Pukhol» non”, *La Voz de Galicia* (26-11-2011).
- Baiona AHN Clero L.19931 (1612-1709) = Colegiata de Bayona. Libro 3º de escrituras de foro y pensiones que se cobran en dinero de los lugares de fuera de la jurisdicción. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Baiona AHN Clero L.9998 (1557) = Apeo viejo de los bienes de la Colegiata de Bayona. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Brea, Mercedes (coord) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro.
- Catastro de Ensenada = <http://pares.mcu.es/Catastro/> [último acceso 6-06-2012]
- Celanova = Andrade Cernadas, José Miguel (1995): *O Tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ensenada, Catastro de = <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController> [último acceso 6-06-2012]
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Franqueira AHN L.10036 (1631-1632) = A Franqueira: Apeos de Uma, Barcia de Mera e Santa Baia. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Lorenzo, Ramón (1985): “Introducción” (5-211) en *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Lorenzo, Ramón (1993): “Algunhas consideracións sobre a evolución do sistema consonántico do galego medieval ó moderno”, en Johannes Kabatek / Axel Schönenberg (eds.): *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens*. Frankfurt am Main: TFM-Domus Editoria Europaea, 13-26.
- Lorenzo, Ramón (1995a): “Alguns datos sobre a evolución das sibilantes medievais”, en C. da Cunha Pereira I P R. Dias Pereira (eds.), *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in Memoriam Celso Cunha*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira, 231-237.
- Lorenzo, Ramón (1995b): “La koiné gallega”, en Gerhard Holtus / Michael Metzeltin / Christian Schmitt (eds.), *Lexicon der Romanistischen Linguistik*, Vol 2, 2. Tübingen: Max Niemeyer, 649-679.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e o Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: INIC.
- Madoz, Pascual (1845-50): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Pascual Madoz. [Citamos pola edición facsimilar de 1986: Santiago de Compostela: Libros Galicia - Editorial Breogán]
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pre-galeguistas*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Miñano, Sebastián de (1826-1828): *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*. Madrid: Imprenta de Pierart-Peralta.
- Monteagudo, Henrique (2005): “A xeneralización do uso do grafema <x> para a consoante /ʃ/ na escrita galega. Notas sobre a súa orixe (ss. XVI-XVIII)”, en Ana Isabel Boullón Agrelo / Xosé Luís Couceiro Pérez / Francisco Fernández Rei (eds.)

- As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo.* Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 405-421.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2008): *Callaica Nomina: estudos de onomástica gallega.* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Moralejo Lasso, A (1977): *Toponimia gallega y leonesa.* Santiago de Compostela: Editorial Pico Sacro.
- Oia AHA L.19970 (1631-1694) = Santa María de Oya. Memorial de Foros de la Granja de Panjón. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Oia AHN Clero L.10213 (1511-1672) = Santa María de Oya. Ejecutorias y autos de pleitos por bienes en Panjón. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Oia AHN L.10198 (1422-1575) = Santa María de Oya. Foral 2º Blanco. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Oia AHN L.10204 (1542-1617) = Santa María de Oya. Foral 4º Blanco. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Oia AHN L.19974 (1641-1691) = Santa María de Oya. Memorial cobrador de rentas de la granja de Panjón para los años 1641 a 1643 y 1662 a 1691. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Penny, Ralph (2008³): *Gramática histórica del español.* Barcelona: Ariel.
- Porto Dapena, Xosé-Álvaro (2007): "Principios de toponimia: Os casos de Neda e Xubia", en *Revista de Neda* nº 9, Concello de Neda, 94-142.
- R[eal] A[cademia] E[spañola] (1726): "Discurso proemial de la orthographia de la Lengua Castellana", en *Diccionario de autoridades*, vol. 1, pp. LXVI-LXXXIV. Madrid: Imprenta de Francisco del Hierro.
- R[eal] A[cademia] E[spañola] (1741): *Orthographia española.* Madrid: Imprenta de la Real Academia Española.
- R[eal] A[cademia] E[spañola] (1754): *Ortografía de la lengua castellana.* Nueva Edición corregida y aumentada. Madrid: Imprenta de D. Gabriel Ramirez.
- R[eal] A[cademia] E[spañola] (1770): *Ortografía de la lengua castellana.* Cuarta impresión, corregida y aumentada. Madrid: Joachin de Ibarra, impresor de Cámara de S. M.
- R[eal] A[cademia] E[spañola] (1815): *Ortografía de la lengua castellana.* Octava edición notablemente reformada y corregida. Madrid: Imprenta Real.
- Sarmiento, Martin (1970): *Colección de voces y frases gallegas* (ed. de José Luís Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg> [último acceso 6-06-2012]
- Tui AHN Clero L.10384 (1524-1564) = Catedral de Tui. Foros y otras escrituras que pasaron ante Nicolás de Valdivieso y Juan Sánchez el Viejo. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]
- Tui AHN L.20219 (1578) = Apeos de bienes y rentas de la dignidad episcopal de Tuy en la Cámara de Parada. Portal Pares: <http://pares.mcu.es> [último acceso 6-06-2012]